



UNIVERSITAT DE  
BARCELONA

Maria Xesús Lama López  
Estudis Gallecs i Portuguesos  
[lama@ub.edu](mailto:lama@ub.edu)

Departament de Llengües i Literatures Modernes i  
d'Estudis Anglesos.  
Facultat de Filologia

Gran Via  
de les Corts Catalanes, 585  
08007 Barcelona

Tel. 934 035 686  
Fax. 933 171 249  
[fil-anqlal@ub.edu](mailto:fil-anqlal@ub.edu)

**MEMORIA DE ACTIVIDADES  
ESTUDOS GALEGOS DA UNIVERSITAT DE BARCELONA  
2025**

**Directora:**

**María Xesús Lama López**

## 1. Contexto do lectorado da Universidade

Partindo das características específicas dos Estudos Galegos na Universitat de Barcelona (UB), que expuxemos en memorias anteriores, lembraremos algunhas cuestións que cremos que compre ter en conta como marco para as actividades realizadas o ano 2025:

O noso centro da UB cambiou o seu nome oficial da antiga “Facultat de Filologia” á actual

A unidade de Estudos Galegos actual intégrase na “**Facultat de Filologia i Comunicació**”, ondeé garante da docencia nun **itinerario de galego** e portugués nos **estudos de grao** da facultade dentro dos graos “**Llengües Romàniques i les seves Literatures**” e de “**Llengües i Literatures Modernes**”.

Este ano é o último ano completo do convenio vixente, comprendido entre de 2023-26, de maneira que a finais do presente curso 2025-26 finaliza o convenio e polo tanto nos próximos meses débese negociar a renovación. É o segundo ano que sobrevivimos sen lector, pois o lector inicialmente adxudicado, Rodrigo H. Alfaya, renunciou antes de cumprir un ano do seu contrato: no mes de xullo de 2024 tivo que presentar a renuncia por incompatibilidade con outra bolsa que logrou para cubrir a súa actividade investigadora como FPU asociado á Universidade de Vigo.

Integrados no **Departament de Llengües i Literatures Modernes i d’Estudis Anglesos**, formamos parte dunha sección departamental denominada **Secció d’Estudis Francesos, Italians, Gallecs i Portuguesos**. Ao mesmo tempo os docentes formamos parte de diversos projectos de investigación, masters e doctoramentos. As profesoras María Xesús Lama e Helena González integrámonos ademáis dentro do Centro ADHUC de estudos de xénero a través do cal intentamos dar difusión ás actividades de Estudos Galegos e tamén facilitar estadias de investigación na nosa universidade a especialistas de Estudos Galegos (<http://www.ub.edu/adhuc/es>).

O grupo de Estudos Galegos e Portugueses da UB edita, a **revista *Abriu. Estudos de textualidade do Brasil, Galicia e Portugal***, dirixida por María Xesús Lama, que tamén foi escollida directora do Centro de investigación ADHUC no pasado mes de outubro. A revista *Abriu* é unha publicación dixital recoñecida nos índices de calidade para difusión no ámbito académico: <http://revistes.ub.edu/index.php/Abriu>. Ata o número 12 editouse

tamén unha versión en papel, pero nos dous últimos números xa só existe versión dixital, se ven o número completo forma parte do catálogo de Publicacions UB como e-book Neste ano **2025** continuou a colaboración do ex-lector, Rodrigo Herrera Alfaya que continúa no seu posto como co-director.

Outras tarefas importantes realizadas polo lector no breve período da súa incorporación ao noso equipo foron as seguintes:

Este equipo mantén diferentes plataformas para visibilizar as súas actividades:

-Páxina web da Sección: <https://www.ub.edu/portal/web/dp-llmiea/fgpi>

-Facebook: <https://www.facebook.com/profile.php?id=100010712384690>

## 2. Actividades de promoción e divulgación da lingua e cultura galegas

Continuamos coa programación de actividades baixo o formato do seminario “Non só Rosalía de Castro” na UB.

Actividades de difusión cultural	Data
<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Participación no congreso da SELGYC – Sociedad Española de Literatura General y Comparada</b> (Universidad de Oviedo, 15-17 de xaneiro de 2025) María Xesús Lama López e María López Carreira: “La imaginación onírica de Méndez Ferrín. Política-ficción y violencia en <i>Arnoia</i>, <i>Arnoia</i>”.</li> </ul>	xaneiro
<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Preparación de artigos da revista ABRIU</b></li> </ul>	febreiro
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Seminario sobre o relato breve de narradoras galegas 18 e 20/marzo/2025 – Aránzazu Calderón Puerta: “Cuerpos extraños: Emma Pedreira y Rexina Vega”</li> <li>- Participación no seminario “Forms, Fragments and Fractures in Contemporary Women’s Life Writing: Spain, Portugal and Italy”</li> </ul>	marzo

<p><b>27/marzo/2025</b> – María Xesús Lama: “Rosalía de Castro in <i>Revolutionary Road</i>. Lives that are Exploding”</p>	
<p>Celebramos o mes de Sant Jordi coa presenza dun escritor galego e unha conferencia sobre outra escritora:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>02/abril/2025</b> – <b>Conferencia de Xavier Queipo:</b> “Durmindo cun estraño. Psicopatoloxía do eu narrador”</li> <li>- <b>09/abril/2025</b> – <b>Conferencia de Katarzyna Moszczynska:</b> “Cuerpos, territorios y otros mundos según María Reimóndez”.</li> </ul>	<p>abril</p>
<p style="text-align: center;"><b>Letras Galegas 2025: Cantareiras</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- 10 de abril a 30/xuño/25 (Biblioteca de Letras) <b>Exposición bibliográfica nas vitrinas da Biblioteca de Lletres: “As cantareiras e a literatura popular en Galicia”</b></li> <li><b>26/maio/2025</b> – Inauguración da exposición coas cantareiras do grupo Gandarela: Dafne Piñeiro e Ana Neira (colaboración co Centro Galego)</li> <li>- <b>26/maio/2026 NSRdeC</b> - Conferencia das Letras Galegas: Miguel Anxo Seixas Seoane: “Castelao, arte e verdade”</li> <li>- 2025 (UB): <b>publicación de plaqueta cunha tradución ao catalán de poemas de Silvia Penas: <i>Vestit de verí/ Vestido de veneno</i></b> (este ano dedicado á poesía popular de transmisión oral escollimos a poeta Silvia Penas polo seu vencello coa oralidade e a performance; <b>antoloxía de Burghard Baltruch, tradutor: Jun Komura</b> )</li> </ul>	<p>Maio</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>30 de xuño a 2 de xullo 2025</b> – Congreso-Seminario “40 anos da AIEG coa participación de membros do equipo de Estudos Galegos</li> <li><b>A) María Xesús Lama</b></li> <li><b>B) Helena González</b></li> </ul>	<p>xuño</p>

<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Colaboración coa Societat Verdaguer – XVI xornadas de intercambio cultural desta sociedade en Galicia.</b> 11 a 14 de setembro participación nas xornadas en Santiago de Compostela.</li> </ul>	setembro
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Preparación do número 14 da revista <i>Abriu</i> durante todo o ano</li> <li>- publicación en outubro de 2025, exclusivamente en versión dixital <a href="https://revistes.ub.edu/index.php/Abriu/issue/view/2859">https://revistes.ub.edu/index.php/Abriu/issue/view/2859</a></li> <li>- En preparación o número 15 da revista <i>Abriu</i> con monográfico coordinado por Claudia Pazos e Luisa Coelho (Oxford University)</li> </ul>	<b>outubro</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>20/11/2025</b> NSRdeC - Conferencia de Iolanda Ogando: “Na memoria das xeracións que han de vir. Persistencias do canon na paisaxe (pos-)literaria.</li> </ul>	<b>novembro</b>

Tal como se observará na relación de gastos, a maioría das conferencias non se pagaron con fondos do convenio, que non alcanzaría para tantas actividades. Recibiron retribución só a Xavier Queipo como convidado para o mes de abril e a programada para a celebración das Letras Galegas en maio, de Miguel Anxo Seixas. Esta última non figura, porque se acordou co conferenciante pagarlle dúas noites de hotel a maiores en lugar da retribución. As outras producíronse no marco do convenio Erasmus ou foron sufragadas polo Departamento.

### 3. A revista *Abriu*.

Edición de *Abriu* 14– Este número inclúe un monográfico de temática galega coordinado por Maria Alonso e María Xesús Lama. Tamén ten artigos de temática galega na “Miscelánea”, os materiais do “Espazo aberto” e no apartado de recensións dáse conta de publicacións galegas.

Está en marcha tamén o proceso de edición de materiais para *Abriu* 15,

### 4. Actualización de fondos bibliográficos.

Continuarase facendo os pedimentos e compras de libros de Galicia para manter actualizados os fondos bibliográficos da biblioteca de Letras da UB. Como consecuencia da falta de espazo, parte deses fondos permanecen no espazo do centro de Estudos Galegos, polo cal o lector ten que desenvolver o labor de clasificación e xestión.

## **5. Difusión de actividades. Colaboración con outros centros ou entidades.**

### **Colaboración con outros Centros de Estudos Galegos**

En colaboración co Centro de Estudos Galegos do Algarve xestionouse unha actividade de intercambio de profesorado Erasmus+ que finalmente non se puido realizar por atrancos administrativos da Universitat de Barcelona. Sen embargo, a oficina de relacións internacionais confirmou o cumprimento de requisitos para realizar a estadia e está pendente a súa realización nos próximos cursos. Esta colaboración pretende explorar as posibilidades de establecer un convenio Erasmus para intercambio de profesorado.

En colaboración co Centro de Estudos Galegos da UCM – Universidad Complutense de Madrid, coorganizamos a Xornada de xuntanza dos Centros de Estudos Galegos peninsulares (xunto con Carmen Mejía e con M<sup>a</sup> Jesús Botana).

En colaboración co Centro de Estudos Galegos de Zurich – Entrevista a Johanés Kabatek publicada no Boletín da AIEG

### **ADHUC – Centro de Investigación: Teoría, Xénero, Sexualidade.**

Colaboración para a organización de conferencias, que se ofrecen ao persoal en formación de ADHUC e se difunden a través das canles de difusión habituais do Centro:

- Aránzazu Calderón Puerta
- Katarzyna Moszczyńska
- Iolanda Ogando

Este ano ademáos o Centro ADHUC acolleu unha estadia de Thayane Gaspar (UERJ) no mes de febreiro de 2025.

### **Consello da Cultura Galega**

Continuou a nosa colaboración con Consello da Cultura Galega en diferentes actividades

- “40 anos da AIEG”
- “Xornadas de intercambio cultural” da Societat Verdaguer
- Participación no Kosmópolis no CCCB coa cultura galega como convidada especial desta edición (20 a 26 de outubro de 2025)

<https://kosmopolis.cccb.org/es/>

### **Centro de Estudos Galegos da Universidade de Varsovia**

- Estadias Erasmus de Aránzazu Calderón e Kassia Moszczynska
- Colaboración no congreso “Voces del margen, género, posthumanismo, culturas minorizadas y cosmovisiones decoloniales 27-29 de outubro de 2025

### **Asociación Internacional de Estudos Galegos.**

Aparte da participación na xornada de xuño, colaboramos mantendo unha comunicación constante, dando difusión á canle de youtube e participando nas sesións online.

### **Colaboración coas sociedades galegas**

Mantemos a colaboración coas sociedades galegas de Barcelona en función da súa demanda. De forma habitual colaboramos e intercambiamos información co Centro Galego de Barcelona, a radio galega de Cornellà, o Centro Rosalía de Castro de Cornellà e a Asociación Cultural Galega de Barcelona.

María Xesús Lama López  
Directora do CEG da Universitat de Barcelona